



# **Proxecto xornada mixta Curso 2016- 2017**

[

**CEIP MONFORTE  
(Colexio Novo)**

Xaneiro 2017

Índice:

<b>DATOS DO CENTRO:</b> .....	2
<b>INTRODUCCIÓN:</b> .....	5
<b>REQUISITOS:</b> .....	6
<b>OBXECTIVOS:</b> .....	6
XERAIS:.....	6
ESPECÍFICOS:.....	6
Alumnado: .....	6
Familias: .....	7
Centro: .....	7
Profesorado: .....	7
<b>XUSTIFICACIÓN E REPERCUSIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS :</b> .....	7
ALUMNADO .....	7
FAMILIAS .....	9
CENTRO:.....	9
PROFESORADO.....	11
<b>PLAN DE FUNCIONAMENTO:</b> .....	12
HORARIO:.....	12
Alumnado: .....	12
Profesorado :.....	14
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/EXTRAESCOLARES.....	14
PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES - ANPA.....	14
ACTIVIDADES GRATUITAS: Propostas polo centro.....	15
ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA:.....	16
<b>AVALIACIÓN DA XORNADA ÚNICA:</b> .....	19

**DATOS DO CENTRO:**

**Nome do Centro:** CEIP DE MONFORTE DE LEMOS

**Código:** 27016662

**Enderezo:** Rolda Mª Emilia Casas Baamonde, s/n

27400- Monforte de Lemos (Lugo)

**Teléf.:** 982 828310

**Fax.** 982 828315

**Móbil:** 609906524

**Correo electrónico:** ceip.monforte@edu.xunta.es

**Páxina web:** <http://centros.edu.xunta.es/ceipdemonforte/>

**Niveis Educativos:** EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Número de alumnos escolarizados: ..... 257

Número de alumnos transportados:.....111

EMPRESA- RUTA	Nº alumnos/as
Augas do Incio- Bascós 99 LU0303	2
Castro- Caldelas- FBI 99LU 0300	18
Palacio Bus- Rozabales 99 LU0296	40
Ribasaltas-Emp. Monforte 99- LU0295	12
Municipal	40
<b>Total</b>	<b>111</b>

Número de alumnos comensais:..... 237

Censo de Familias: ..... 200

**Horario proposto:**

**Luns, martes e mércores (outubro a maio):**

Lectivo de 9:55 h. a 17:00 h.

Xantar:

- Luns, martes: 14:05 h.- 15:20 h.
- Mércores: 14:15 h.- 16:00 h.

Saída do transporte: 17:00 h.

Actividades extraescolares: 14:35-14:50 h. a 15:20-15:55 h. e/ou de 17:00 h. a 18:00 h

**Xoves e venres:**

Lectivo de 9:55 h. a 13:55 h.

Xantar: de 13:55 h. a 14:40 h.

Saída do transporte: 14:40 h.

Actividades extraescolares:

Biblioteca: de 14:40 h. a 15:40 h. (ofertada polo centro; gratuíta)

Xestionadas pola ANPA: de 14: 40 h. a 15:40 h.

<b>HORARIO PROPOSTO</b>														
<b>Luns</b>			<b>Martes</b>			<b>Mércores</b>			<b>Xoves</b>			<b>Venres</b>		
<b>9:55</b>	10:50	<b>0:55</b>	<b>9:55</b>	10:50	<b>0:55</b>	<b>9:55</b>	10:55	<b>1:00</b>	<b>9:55</b>	10:50	<b>0:55</b>	<b>9:55</b>	10:50	<b>0:55</b>
10:50	11:45	<b>0:55</b>	10:50	11:45	<b>0:55</b>	10:55	11:55	<b>1:00</b>	10:50	11:45	<b>0:55</b>	10:50	11:45	<b>0:55</b>
11:45	12:15	<b>0:30</b>	11:45	12:15	<b>0:30</b>	11:55	12:25	<b>0:30</b>	11:45	12:05	<b>0:20</b>	11:45	12:05	<b>0:20</b>
12:15	13:10	<b>0:55</b>	12:15	13:10	<b>0:55</b>	12:25	13:20	<b>0:55</b>	12:05	13:00	<b>0:55</b>	12:05	13:00	<b>0:55</b>
13:10	14:05	<b>0:55</b>	13:10	14:05	<b>0:55</b>	13:20	14:15	<b>0:55</b>	13:00	13:55	<b>0:55</b>	13:00	13:55	<b>0:55</b>
14:05	15:20	<b>1:15</b>	14:05	15:20	<b>1:15</b>	14:15	16:00	<b>1:45</b>	13:55	<b>14:40</b>	<b>0:45</b>	13:55	<b>14:40</b>	<b>0:45</b>
15:20	16:10	<b>0:50</b>	15:20	16:10	<b>0:50</b>									
16:10	<b>17:00</b>	<b>0:50</b>	16:10	<b>17:00</b>	<b>0:50</b>	16:00	<b>17:00</b>	<b>1:00</b>						

## **INTRODUCCIÓN:**

“A xornada única comezou implantándose en Canarias e Andalucía a finais dos anos oitenta e ao longo da década dos noventa foise estendendo por toda España, incluída Galicia (na provincia de Pontevedra todos os centros teñen xornada única). Cada curso escolar, novos centros cambian a este modelo de horario en detrimento da xornada partida, non coñecéndose ningún colexio que regresara á xornada anterior, a pesares de ser esta unha opción contemplada e permitida”.

Retomamos pois, o camiño percorrido xa en varias ocasións e que non sería necesario facer unha vez máis se houberse opción a coordinar ao longo de toda a semana a proposta do horario de xornada única co do servizo de transporte escolar.

A imposibilidade de acadar, dentro de horarios viables, dita opción, lévanos a propoñer como “mal menor” unha xornada mixta, na que tentaremos recoller o mellor dos diferentes horarios que con ela se propoñen: xornada partida (luns a mércores) e única (xoves e venres).

A nosa proposta vela porque non haxa diminución do horario lectivo, non teña unha carga lectiva inasumible polo noso alumnado e non supoña, en ningún caso, unha perda dos servizos complementarios ofertados polo centro (transporte escolar e comedor), mellorando e optimizando o funcionamento destes (tempos de espera).

Pretendemos optimizar o rendemento académico do noso alumnado (as sesións de docencia repártanse entre tempos de descanso) e minimizar o tempo de lecer, despois do comedor, sempre conflitivo, excesivamente longo e cunhas condicións climatolóxicas e de infraestruturas no centro pouco favorables para atender a grande cantidade de alumnos/as que utilizan dito servizo; así como o tempo de espera posterior do servizo de transporte escolar, case sempre en condicións desfavorables (frío, calor, chuva,...) e sen espazos axeitados para gorecerse.

A xornada mixta facilitará unha distribución máis racional do tempo, incidindo nunha maior carga lectiva os días da semana nos que os nenos están máis receptivos e permitindo que dous días á semana poidan dispor de máis tempo para actividades complementarias, ocio, relación, vida familiar e/ou descanso.

Neste contexto, e na procura da mellora dos nosos servizos educativos, enmarcamos este proxecto pedagóxico, e iniciamos o procedemento establecido na lexislación vixente que permite, ás escolas de Educación Infantil e Primaria

dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, solicitar a modificación do noso horario escolar e implantar a xornada mixta ( **regulado na Orde do 29 de maio de 2008 -DOG do venres, 6 de xuño de 2008**, que establece dito procedemento e derroga a Orde do 13 de abril de 1993).

### **REQUISITOS:**

1. Acordo do consello escolar, por maioría dos tres quintos dos seus membros.
2. Acordo do claustro de profesoras e profesores por maioría dos tres quintos dos seus membros.
3. Informe favorable do Servizo de Transportes da Delegación Provincial.
4. Acordo favorable da maioría absoluta do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo, computaranse a nai ou o pai ou un dos titores legais do alumnado da etapa en que se pretende cambiar a xornada.
5. Plan específico de actividades extraescolares.

### **OBXECTIVOS:**

#### **XERAIS:**

Mellorar o funcionamento do centro, a convivencia escolar e o rendemento académico do alumnado.

#### **ESPECÍFICOS:**

##### **Alumnado:**

- a) **Mellorar o rendemento académico do alumnado.**
- b) **Equilibrar o tempo lectivo das distintas sesións.**
- c) **Facilitar a adquisición de hábitos e rutinas de estudo, así como de organización e planificación dos tempos de traballo, ocio e lecer.**
- d) **Mellorar o comportamento do alumnado**
- e) **Favorecer a repercusión dos programas de reforzo da Consellería no alumnado con necesidades educativas (Contratos- programa).**
- f) **Favorecer aos usuarios do servizo de madrugadores.**
- g) **Facilitar as posibilidades de acceso a actividades de formación e/ou lúdicas alleas ao centro.**

**Familias:**

- h) Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.**
- i) Mellorar a convivencia familiar.**
- j) Diminuír o tempo empregado en desprazamentos**
- k) Facilitar as posibilidades de planificar e organizar actividades a nivel familiar.**

**Centro:**

- a) Optimizar a utilización das instalacións e recursos materiais do centro.**
- b) Mellorar a convivencia no centro.**
- c) Mellorar o funcionamento dos servizos complementarios: transporte escolar e comedor.**
- d) Evitar que o alumnado abandone o colexio.**
- e) Mellorar a oferta de actividades complementarias.**
- f) Facilitar as tarefas de mantemento e coidado do centro por parte do conserxe.**

**Profesorado:**

- l) Mellorar a coordinación pedagóxica.**
- m) Facilitar a formación permanente do profesorado.**

**XUSTIFICACIÓN E REPERCUSIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS :**

**ALUMNADO**

**Mellorar o rendemento académico.**

Pretendemos ofertar ao alumnado unha **xornada escolar** que favoreza e potencie a súa formación persoal, aproveitando os horarios de maior rendemento académico; xa que a mañá é a **etapa do día** na que se atopan máis receptivos,



cun maior nivel de atención e motivación e cunha **maior capacidade de concentración e rendemento intelectual.**

**Equilibrar o tempo lectivo das distintas sesións.**

Aínda que as sesións da tarde son máis reducidas, a diferenza horaria é mínima e son tras un período de descanso máis curto e que diminúe o cansazo polo longo tempo de permanencia no recreo do comedor.

Minimizamos a descompensación horaria dalgunhas materias entre grupos dun mesmo nivel.

**Facilitar a adquisición de hábitos e rutinas de estudo, así como de organización e planificación dos tempos de traballo, ocio e lecer.**

Ao dispor de máis tempo libre dúas tardes á semana é máis sinxelo facilitar a planificación e adquisición de hábitos e rutinas de estudo, combinando as obrigas educativas e de colaboración familiar con outras actividades non formais (ofertadas polo Concello, ANPA do centro, Conservatorio de música, escolas deportivas, e/ou de carácter privado), de ocio/ lúdicas (culturais, deportivas, xogos, ... ) ou de lecer.

**Mellorar o comportamento do alumnado**

Despois de xantar, reducimos e/ou eliminamos o tempo de lecer ,especialmente conflitivo, pola súa amplitude, por estar baixo a garda e custodia de persoal colaborador e que non é docente , polas instalacións limitadas e o cansazo acumulado ao longo da xornada para as clases da tarde (levan xa un mínimo de 5 horas e media no centro – lectivas e do comedor-; sen contar o tempo dos nenos que empregan o servizo de madrugadores).

**Favorecer a repercusión dos programas de reforzo da Consellería no alumnado con necesidades educativas (Contratos- programa).**

O alumnado estaría máis receptivo ao reforzo educativo que garante este programa (levaría menos tempo no centro, estando menos canso) e disporía de máis tempo libre.

**Favorecer aos usuarios do servizo de madrugadores.**

Reduciríamos o tempo de utilización deste servizo, incorporándose antes á xornada lectiva diaria, coa conseguinte mellora do rendemento escolar do alumno e da repercusión na económica familiar ( menor custo económico ou incluso abandono da actividade).

## FAMILIAS

➤ **Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.**

Coa modificación horaria amplíanse as posibilidades de que as familias acheguen aos seus fillos ao colexio sen ter ningún atranco no seu eido laboral ( a xornada lectiva empeza antes das dez o que permitiría aos pais/nais chegar a tempo ao seu traballo, tras deixar aos nenos no colexio).

Posibilitamos ás familias que así o desexen e/ou o necesiten, que os seus fillos/as permanezan unha hora ou dúas horas máis no centro, con actividades non lectivas, de xoves a venres: unha hora de biblioteca, gratuíta, ofertada polo centro; e/ou actividades ofertadas pola ANPA (dúas horas diarias).

➤ **Mellorar a convivencia familiar.**

Facilitamos a relación entre os distintos membros da familia, alomenos dous días á semana) : mesmo horario de irmáns en distintas etapas educativas, posibilidade de xantar xuntos, ... e menos estrés para as nais e pais pola falta de tempo dos seus fillos/as para realizar tarefas escolares (fáiselles moi tarde).

➤ **Diminuír o tempo empregado en desprazamentos**

Dous días á semana, o alumnado que non utiliza o servizo de comedor reducirá o número de viaxes de ida e volta ao centro.

➤ **Facilitar as posibilidades de planificar e organizar actividades a nivel familiar:**

Os día que a xornada escolar remata antes as familias teñen máis liberdade para organizar actividades conxuntas, tanto a nivel cultural, lúdico e/ou descanso.

## CENTRO:

a) **Optimizar a utilización das instalacións e recursos materiais do centro.**

Os días que non hai clase pola tarde, todos os espazos do centro pódense utilizar para actividades extraescolares, xa que non son necesarios para o alumnado de comedor.

b) **Mellorar a convivencia no centro:**

Reducimos os conflitos ao reducir e/ou eliminar:

**O recreo de mediodía**, no que conviven, durante 2 horas, 237 nenos/as de 3 a 12 anos e no que se producen o maior número de incidencias relacionadas coa

convivencia. Evitáramos ter aos alumnos/as no patio, durante un longo período de tempo e con condicións climatolóxicas e de infraestruturas adversas (frío, chuvia, espazos exteriores e interiores pequenos e insuficientes para gocecer a todo o alumnado e para desenvolver a oferta de actividades extraescolares da ANPA, ...) e no que a tensión e o cansazo se acumulan. Ademais, neste horario, o coidado dos alumnos está ao cargo das nais colaboradoras do servizo de comedor e teñen dificultades para manter a orde

**O tempo de espera do transporte escolar compartido e os riscos nas subidas e baixadas:**

Reducimos o tempo de espera polos transportes que veñen doutro centro, e sen posibilidade de estar previamente estacionados, co risco que supón ter uns transportes entrando e outros saíndo sen unha dársena axeitada; mantense o tempo de permanencia do alumnado dentro dos autocares, os luns, xa que temos que esperar, polo alumnado da ESO do IES Río Cabe (a Consellería considera inviable a xornada única neste días polo elevado custo económico – pagar desdobre en todos os transportes). Na actualidade xa o fan os alumnos da Gándara que están a saír antes ca nós, e que tamén comparten transporte.

Reducimos o tempo de espera ao frío e á chuvia todos os días da semana.

**O tempo de permanencia (con horario lectivo) do alumnado no centro.**

Dun total de 250 alumnos matriculados, 237 están no centro un mínimo de 5 h e 30 m. diarias (10 a 15:30 h. ), antes do comezar a xornada lectiva da tarde; ao que temos que engadir o tempo dos que utilizan o servizo de madrugadores e/ou asisten aos Contratos- Programas.

**c) Mellorar o funcionamento dos servizos complementarios: transporte escolar e comedor.**

Ao reducir e/ou eliminar o tempo de comedor evitamos o cansazo que se acumula no alumnado e no persoal colaborador e docente polo número de incidencias, evitando conflitos entre alumnado (coas nais colaboradoras e/ou docentes) e telos expostos ás inclemencias climatolóxicas ( chuvia, frío, vento, calor, ... ) nos espazos adicados ao recreo de comedor. O transporte escolar tamén resultaría beneficiado dunha mellor actitude dos alumnos ao estar máis tranquilos e relaxados.

O servizo de comedor evitaría os conflitos no tempo de lecer tralo xantar.

**d) Evitar que o alumnado abandone o colexio.**

Atender ás múltiples demandas familiares referentes ao cambio de horario: algunhas non matricularon aos seus fillos/as no noso centro por mor do horario que temos na actualidade; a outras, gustaríalles que o cambiáramos.

**e) Mellorar a oferta de actividades complementarias/extraescolares.**

Posibilitar ás familias que así o desexen, que os seus fillos/as permanezan unha hora ou dúas máis no centro, fóra do horario lectivo, con actividades , xoves e venres, ofertadas pola ANPA ou o propio centro (biblioteca).

**f) Facilitar as tarefas de mantemento e coidado do centro por parte do conserxe.**

Na actualidade o horario do conserxe non se adapta na súa totalidade ao noso horario lectivo, polo que estamos todos os días durante un período de tempo sen este servizo cos atrancos que iso supón.

## **PROFESORADO**

➤ **Mellorar a coordinación pedagóxica.**

A nivel docente **planificar horarios** e tempo de dedicación dos órganos de goberno e coordinación pedagóxica, que sexan **coherentes** cos obxectivos desta organización horaria para incrementar a eficacia educativa

➤ **Facilitar a formación do profesorado**

Posibilitar ao **profesorado** un **horario** máis flexible para a **realización de Proxectos de formación, seminarios e grupos de traballo**, que á súa vez redundarán **en beneficio** da formación do propio **alumnado**.

**PLAN DE FUNCIONAMENTO:**

**GARANTIRASE :**

1. As 25 sesións lectivas (1500 minutos).
2. O funcionamento dos servizos ofertados na actualidade: Comedor Escolar, Transporte Escolar, Actividades Complementarias- Extraescolares ofertadas pola ANPA e o centro.
3. O normal funcionamento do Centro: reunións de nivel, xuntanzas de Equipos e Departamentos, así coma a atención a pais e nais.
4. A nosa participación nos Programas de Innovación Educativa que xa temos e naqueles que consideremos axeitados.

**HORARIO:**

**Alumnado:** O período obrigatorio desenvolverase de luns a venres, no horario recollido nos cadros que seguen:

Luns			Martes			Mércores		
9:55	10:50	0:55	9:55	10:50	0:55	9:55	10:55	1:00
10:50	11:45	0:55	10:50	11:45	0:55	10:55	11:55	1:00
11:45	12:15	0:30	11:45	12:15	0:30	11:55	12:25	0:30
12:15	13:10	0:55	12:15	13:10	0:55	12:25	13:20	0:55
13:10	14:05	0:55	13:10	14:05	0:55	13:20	14:15	0:55
14:05	15:20	1:15	14:05	15:20	1:15	14:15	16:00	1:45
15:20	16:10	0:50	15:20	16:10	0:50			
16:10	17:00	0:50	16:10	17:00	0:50	16:00	17:00	1:00

Catro sesións de 55 minutos pola mañá , recreo de 30 minutos (horario no que o alumnado máis rende); agás o mércores, no que ao ter menos sesións podemos ampliar a duración dalgunhas sesións para acadar o tempo lectivo que establece a lei.

Comedor de 1 h. e 15 minutos; agás o mércores, no que é de unha hora e corenta e cinco minutos.

Permite realizar actividades extraescolares de entre 45 e 55 minutos. Entran ao comedor a unha hora moi boa.

Dúas sesións de 50 minutos ás tardes de luns e martes (os nenos están máis cansos) e unha sesión de 60 minutos o mércores (pode ser un pouco máis longa ao ser única).

Xoves			Venres		
<b>9:55</b>	10:50	<b>0:55</b>	<b>9:55</b>	10:50	<b>0:55</b>
10:50	11:45	<b>0:55</b>	10:50	11:45	<b>0:55</b>
		<b>0:00</b>			<b>0:00</b>
11:45	12:05	<b>0:20</b>	11:45	12:05	<b>0:20</b>
12:05	13:00	<b>0:55</b>	12:05	13:00	<b>0:55</b>
13:00	13:55	<b>0:55</b>	13:00	13:55	<b>0:55</b>
13:55	<b>14:40</b>	<b>0:45</b>	13:55	<b>14:40</b>	<b>0:45</b>

Catro sesións de 55 minutos pola mañá, separadas po un recreo de vinte minutos ( é algo máis breve, xa que a xornada tamén é máis reducida).

Entran no comedor ás dúas menos cinco.

Con este horario de clases garántese:

O cumprimento estrito da lexislación, en Educación Infantil e Primaria: vinte e cinco sesións lectivas á semana, e un total de mil cincocentos minutos (nos que se inclúen os recreos da mañá, por lei).

Que a hora de entrada non obrigue a un excesivo “madrugón” por parte dos nenos transportados e/ou sen transportar.

Que non sexa necesario viaxar co alumnado de ESO.

Que a entrada ao comedor teña nun horario moi aceptable.

Que haxa uniformidade nas sesións de mañá e de tarde, tanto nos tempos de clase, como de lecer e/ou entrada ao comedor.

Que o horario de saída permita as familias recoller comodamente aos seus fillos e fillas.

Na medida do posible tratarase de que as áreas con maior dificultade sexan nas primeiras horas da mañá, deixando para as últimas da tarde as que necesiten un menor esforzo intelectual e sexan máis lúdicas.

**Profesorado :**

**Horario lectivo:** O mesmo que o do alumnado.

**Horario non lectivo:** O profesorado completará o seu horario en sesións de tarde.

- **LUNS**, de **17:00 a 18:00 horas**, permanencia de todo o profesorado no centro. Hora semanal de Titoría para atención a consultas individuais por parte dos pais e nais sobre temas educativos relacionados cos seus fillos e fillas e/ou reunións globais por titorías ou niveis, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plan de traballo. Irán incluídas na Programación Xeral Anual
- **MARTES: DE 17 A 18 h. :** Reunións do Equipo de Orientación, Comisión Coord. Pedagóxica, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares,C. Claustros e Consellos Escolares, ...

**XOVES E VENRES:** de 14:40 a 15:40 h. permanecerán no colexio dous profesores (sendo un deles membro do equipo directivo) ; un deles manterá en funcionamento a Biblioteca Escolar que estará á disposición do alumnado (estudo e consultas) o membro do equipo directivo ostentará a representación oficial do Centro. A relación nominal deste profesorado farase pública no mes de setembro, unha vez que estea fixada a planilla para o curso 2017-18.

Excepcionalmente e segundo as necesidades, o profesorado e/ou a dirección do centro poderá establecer outras reunións necesarias para o bo funcionamento do centro.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/EXTRAESCOLARES**

Realizaranse as actividades complementarias: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Fin de curso, etc., saídas escolares e excursións que veñen sendo tradicionais neste centro e aquelas novas que polo seu interese merezan ser incluídas na Programación Xeral Anual de cada curso.

## **PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES – ANPA**

O Plan de actividades extraescolares que se desenvolverá a mediodía e/ou pola tarde no Centro será semellante ao que se ven desenvolvendo na actualidade, coas

matizacións que sexan necesarias segundo a demanda , a precisar no mes de setembro de cada curso académico.

O horario habitual das actividades será:

Luns- mércores .- de 14:40 a 15:20/15:55 horas, de outubro a maio, e de 17 h. a 18 h.

xoves e venres, de 14:40 a 15:20 e de 15:40 a 16:40 h.

Ao fronte de cada actividade, ademais do monitor/a correspondente, responsable da mesma, estará un pai/nai da ANPA ou a persoa en quen deleguen, que se responsabilizará do seu funcionamento baixo os criterios que previamente establezan.

Dende a dirección do Centro intentarase que o Concello oferte algunha actividade lúdico- deportiva ao alumnado.

Terán ademais as características seguintes:

- a) **Serán de carácter voluntario.**
- b) **Serán actividades abertas e de interese para todo o alumnado deste Centro.**
- c) **Non terán carácter discriminatorio.**

#### **ACTIVIDADES GRATUITAS: Propostas polo centro**

<b>Horario</b>	<b>XOVES -VENRES</b>
<b>De 14:40 a 15:40</b>	<b>1.- <u>BIBLIOTECA ESCOLAR</u>:</b> Controlada por un profesor/a e aberta 1 hora.



**ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA ANPA: Esta proposta estará en función da demanda e da dispoñibilidade dos monitores, polo que é modificable.**

HORARIO	ACTIVIDADE	DÍAS/LUGAR
<b>Luns</b>		
8:00- 9:50	Primeiros do cole	Zona infantil
14:40- 15:20	Danza Galega	Ximnasio
	Francés	Aula ex- relixión
	Ábaco	Aula música
	Informática	Aula de informática
	Debuxo	Comedor
17:00- 18:00	Voleibol	Ximnasio
	Pesca	Salón infantil/ Fóra do colexio
	Fútbol sala	Pavillón
	Estudo	Biblioteca
	Espazos dispoñibles	Infantil, relixión, informática, ...
<b>Martes</b>		
8:00- 9:50	Primeiros do cole	Zona infantil
14:40- 15:20	Aprendendo a xogar	Ximnasio
	Inglés	Aula ex- relixión
	Teatro	Aula música
	Informática	Aula de informática
	Manualidades en inglés	Comedor
17:00- 18:00	Ximnasia rítmica	Ximnasio
	Baloncesto	Pavillón
	Estudo	Biblioteca
	Espazos dispoñibles	Infantil, relixión, informática, ...
<b>Mércores</b>		
8:00- 9:50	Primeiros do cole	Zona infantil

14:50- 15:55	Baile	Ximnasio
	Informática	Aula de informática
	Taller de reciclaxe	Comedor
	Xadrez	Aula de música
17:00-18:00 h.	Patinaxe	Pavillón
	Voleibol	Ximnasio
	Espazos dispoñibles	Infantil, relixión, informática, ...
<b>Xoves</b>		
8:00- 9:50	Primeiros do cole	Zona infantil
14:40- 15:40	Zumba	Ximnasio
	Informática	Aula de informática
	Teatro	Salón de infantil
	Baloncesto	Pavillón
	Bádminton	Ximnasio
	Fútbol sala	Pavillón
	Estudo	Biblioteca
15:40- 16:40	Segundo demanda ; espazos dispoñibles	
<b>Venres</b>		
8:00- 9:50	Primeiros do cole	Zona infantil
14:40- 15:40	Informática	Aula de informática
	Teatro	Salón de infantil
	Baloncesto	Pavillón
	Baile moderno	Ximnasio
	Manualidades en inglés	Comedor
	Estudo	Biblioteca
	Baloncesto	Pavillón
15:40- 16:40	Segundo demanda; espazos dispoñibles	

- x Aínda quedan moitas horas dispoñibles para ofertar actividades, ao dispor de espazos baleiros no centro. Todas elas dependerán da demanda das mesmas por parte do alumnado.**
- x Tentaremos concentrar as actividades máis demandadas polo alumnado usuario do servizo de transporte escolar nos luns, martes e mércores para facilitar a súa participación nelas.**

### **AVALIACIÓN DA XORNADA MIXTA:**

Realizaríase en xuntanzas co Claustro e Consello escolar tendo como referencia os seguintes **criterios**:

- Rendemento académico do alumnado.
- Fatiga do alumnado e profesorado.
- Incidencia sobre a vida familiar.
- Aumento- diminución da participación nas actividades extraescolares.
- Incidencia sobre outros servizos educativos da localidade: Escolas Deportivas, Conservatorio de Música, ,....
- Niveis de aceptación e grado de satisfacción dos colectivos implicados (familias, alumnado e profesorado).
- Organización do Centro.

Toda a información será recollida por escrito para o seu análise (Equipo Directivo, Claustro de Profesores e Consello Escolar), utilizando os seguintes procedementos:

- Observación directa nas sesións de traballo.
- Análise obtido polos diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Recollida de opinións dos protagonistas mediante a autoanálise e as sesións de seguimento cos monitores e responsables das actividades extraescolares.

Compre dicir que este **non é un proceso inalterable** e que no caso de ter unha avaliación negativa, sempre é posible volver á xornada partida (solicitando un novo cambio de horario e iniciando de novo o proceso inverso).

Monforte, 10 de xaneiro de 2017